Elabora unha disertación breve (non máis de dous folios) a partir da seguinte cuestión:
Basta a bioloxía para comprender o humano?

Trátase de aportar unha opinión de forma reflexiva e razoada; para elo debes formular unha resposta e avaliar os argumentos que te permitan sustentala, antes de decidir se é posible mantela, ou ben, se podemos atopar boas razóns para cuestionala.

Propoñémosche unha serie de pautas para orientar o teu traballo.
É conveniente que o planifiques distinguindo dous momentos:
- unha primeira fase de preparación
- unha segunda fase para a redacción

PREPARACIÓN DA DISERTACIÓN
Atender as seguintes consideracións e ir facendo anotacións é unha boa maneira de preparar a disertación

1. Prantexamento do problema:
Explicitar o problemática que . Plantexar o problema require:

a) *reformular a pregunta con precisión*. O primeiro que temos que facer para pensar sobre un asunto é entendelo como nunha cuestión problemática. A forma máis sinxela é reformular de diferentes maneiras: "Ata qué punto...?","Qué aspectos ...?, "En que medida...?, "Podería afirmarse que...?" Por que...?") Pensa que unha pregunta ben formulada indica que o problema está ben plantexado:

b) *aclarar o propósito*. Cal é o meu propósito? que trato de lograr?

c) *definir os conceptos vas utilizar*. É imprescindible para comenzar a pensar sobre calquera asunto, ter claros os conceptos que vas manexar.

2. Respostar, con unha tese simple e concreta á pregunta formulada, dende a posición elixida. Cabe tamén a posibilidade de formular unha dúbida.

3. Someter resposta a unha análise crítica

O primeiro é decidir valorando (nun primeiro tanteo) se dispós de información suficiente para defendela.

Hai unha serie de preguntas que poden axudarte a avaliar a perteniencia desa afirmación: que estou dando por sentado?, como podo chegar o a esta conclusión?, que información necesitei manexar?, hai outra forma de interpretar esa información?, cales son as implicacións desta afirmación?, dende que punto de vista me podo acercar a este asunto?, haberá outro punto de vista a considerar? que información necesito para responder á pregunta que formulei?

4. Anotar os argumentos dispoñíbeis para defendela.

5. Elaborar a partir daquí un esquema que vai servir para dirixir a redacción

REDACCIÓN DA DISERTACIÓN

Xa estás en condicións de redactar a resposta ao problema formulado. É a disertación propiamente dita. Debe ter tres partes ben diferenciadas:

a. Introdución:

Será breve. Debe conter a presentación do problema e indicar a súa relevancia . Está ben incluir o deseño dun plan de redacción, e se se quere, a explicitación do punto de vista que se vai defender.

(Como do que se trata é de comprobar se incorporaches a información sobre a que traballaches nestas dúas derradeiras quincenas e se manexas cun certo rigor os conceptos básicos, estaría ben que situaras o problema e a súa relevancia no contextoda reflexión sobre a natureza humana)

b. Desenvolvemento:

Será a parte máis extensa. Terás que dar resposta ao problema prantexado (que está xa implícito na cita do autor), argumentando de modo pertinente. Utilizarás as notas tomadas na fase de preparación. Deberás respectar a orde anunciada na introducción.

c. Conclusión:

Tamén debe ser breve. Debe incluir a tese defendida e un breve resumo dos argumentos expostos.

Pensa que o que debe mostrra o teu escrito é que tes unha mellor comprensión do problema e que tes **un xuízo ben fundado**.